

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE AMES

1.- OBXECTO DO PROGRAMA

O obxecto do presente contrato será a prestación do servizo de actividades das Escolas Deportivas do Concello de Ames nos termos previstos neste prego, así como no de cláusulas administrativas particulares.

2.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

a) Contratará ao persoal necesario, de acordo coa lexislación vixente para o desenvolvemento das actividades das escolas deportivas municipais.

Todo o persoal que se encargue do desenvolvemento das actividades, deben de acreditar a súa formación específica para o desenvolvemento do programa, así como a súa experiencia neste tipo de actividades.

A empresa adxudicataria aportará:

- Unha persoa responsable da coordinación de todas as actividades.

A titulación requirida será a de licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, con experiencia mínima de 2 anos en coordinación de equipos de traballo.

Esta persoa responsable da coordinación será o nexos de unión coa dirección técnica municipal para a organización das actividades.

- Inscribir aos equipos nas competicións e torneos que sinala o concello, así como xestionar as altas federativas dos integrantes dos posibles equipos que se formen.
- Supervisar que se cumpren os horarios das actividades.
- Informar aos pais e monitores de calquera circunstancia.
- Colaborar co Concello na recollida de datos e outros traballos indispensables para o bo funcionamento da actividade.
- Elaborar informes mensuais

- Monitores/as

O monitoraxe dirixirá o desenvolvemento das actividades que lles corresponda a cada un, en función da súa titulación/formación para os que foran contratados por parte da empresa, debendo a empresada adxudicataria contar con persoal cualificado para o desenvolvemento de cada unha das actividades.

A cualificación profesional deberase acreditar mediante a capacitación necesaria para o desenvolvemento da actividade, considerando como titulación mínima a de técnico/a ou similar.

Naquelas actividades para os que non exista titulación dentro da ensinanza regrada, estudarase a pertinencia da formación presentada. En todo caso deberá achegar a documentación acreditativa de posesión de coñecementos precisos para impartir a actividade.

Cada actividade estará dirixida, polo menos, por un monitor/a contratado.

En caso de substitución dun monitor/profesor que imparta algunha das actividades, a empresa garantirá que a persoa que o substitúa terá unha experiencia igual ou similar ao do monitor cesante.

Esta formación e experiencia será acreditada, unha vez adxudicado o servizo, mediante o correspondente título oficial, vida laboral así como o seu curriculum profesional.

- b) Utilizar con dilixencia as instalacións nas que se vai a desenvolver este proxecto, repoiñendo no seu caso as desfeitas ocasionadas derivadas do desenvolvemento do contrato.
- c) Velar polo adecuado mantemento dos menores nas instalacións durante a franxa horaria diaria obxecto desta contratación, vixiando que ningún menor se ausente antes de finalizar a mesma, salvo que teña autorización dos seus pais ou titores.
- d) Queda obrigada a realizar un seguro de responsabilidade civil como mínimo de 600.000 €uros por sinistro, requisito que será esixible con carácter previo á formalización do contrato.
- e) Colaborar cos eventos, clausuras, competicións e outras actividades relacionadas coas escolas obxecto de contratación.
- f) Distribuír o material e o equipamento que o concello poña a súa disposición para o funcionamento das escolas, encargándose do seu coidado e bo uso, presentando cada tres meses unha relación do mesmo, coa especificación de variacións ou deterioros que se poidan producir, así como das adquisicións que se consideren necesarias para o idóneo funcionamento das actividades. O citado material será en todo momento de propiedade municipal.
- g) Satisfacer ao seu cargo todos os gastos de persoal. O adxudicatario ten a obriga de cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia de Dereito do Traballo, Seguridade Social e a lexislación reguladora, así como da Seguridade e Hixiene no Traballo e calquera outra de xeral observancia.
- h) Elaboración e presentación de informes e de memorias pertinentes. Cada mes a empresa estará obrigada á presentación dun informe onde se recollan os seguintes puntos:
- Listado de horas de clase impartidas polos monitores da empresa, distribuídas en grupos e lugares de celebración.
 - Listados de asistencias de todas as actividades que se imparten por medio dos monitores pertencentes á empresa.
 - Valoración e resumo dos listados: problemáticas, grupos numerosos, etc
 - Incidencias
 - Baixas de monitores
 - Substitucións
 - Limpeza ou problemática nas instalacións
 - Problemas de funcionamento
 - Calquera outra incidencia salientable.

A data límite de presentación do informe será o día 7 do mes seguinte.

- i) O adxudicatario deberá respectar o programa deportivo mínimo que se xunta como anexo a este prego.
- j) Ademais das obrigas recollidas expresamente nesta cláusula, serán de aplicación o emprego do galego en todas as actividades derivadas da execución deste contrato, segundo o establecido na ordenanza de impulso do galego do Concello de Ames, e calquera outra que derive do presente prego, contrato que se formalice, regulamento dos servizos, ordes e instrucións dos servizos e demais normativa de aplicación.

3.- BENEFICIOS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario percibirá a cantidade correspondente a multiplicar o número de horas impartidas polo prezo por hora establecido na oferta económica do adxudicatario do concurso.

4.- OBRIGAS E DEREITOS DO CONCELLO

- a) Fixará e percibirá os prezos de cada actividade a aboar polos usuarios do servizo.
- b) Realizará as inscricións e cobros de cada actividade.
- c) Determinará o número máximo e mínimo de participantes en cada grupo e o número de monitores por actividade.
- d) Unha vez realizadas as inscricións, o concello comunicará á empresa adxudicataria a posta en

marcha do servizo.

e) Manterá os servizos indicados polo tempo estipulado, sempre que non existan causas graves que motiven a finalización do servizo.

f) Controlará en coordinación coa empresa adxudicataria a asistencia a cada actividade. Para isto os monitores pasarán lista os días que se desenvolva a actividade e os técnicos municipais poderán acceder ás instalacións en horas de desenvolvemento da actividade e sen previo aviso, a fin de comprobar o número de asistentes e o grao de satisfacción dos usuarios.

g) Cederá as instalacións deportivas municipais, o equipamento deportivo específico das instalacións e o persoal de mantemento das mesmas, podendo modificar os horarios e instalacións das actividades por necesidades do servizo, previa audiencia da entidade adxudicataria.

h) O Concello de Ames poderá incrementar ou diminuír o número de horas docentes en función da demanda, da dispoñibilidade de instalacións ou das necesidades de organización de outras actividades ou eventos notificándolle igualmente ditas variacións á empresa con suficiente antelación. Ditos incrementos ou diminución de horas docentes deberán ser sumados ou restados respectivamente do montante económico que a empresa percibirá do concello en razón do contrato que se subscriba entre ambos, en base á oferta económica por hora que establecerá o adxudicatario do servizo.

5.- REQUISITOS DE COORDINACIÓN TÉCNICA

O Concello de Ames disporá dunha persoa responsable da dirección técnica das Actividades das Escolas Deportivas, que realizará as seguintes funcións:

- Funcións de coordinación coa empresa adxudicataria.
- Determinar as directrices ou premisas da organización (reunións periódicas, supervisión, ...) e xestión do servizo e ordenar as modificacións na prestación que o interese público aconselle, así como establecer os indicadores e requisitos de calidade a cumprir pola empresa adxudicataria.
- Informar dos plans de traballo técnicos propostos pola empresa (planificacións operativas dos proxectos contemplados no presente prego, obxectivos a conseguir, tarefas a desenvolver, distribución dos recursos humanos, temporalidade das actividades, ...).
- Dar o visto e prace das altas e baixas de participación da actividade.
- Inspeccionar e avaliar o servizo prestado.
- Mediar naquelas situacións de conflito que puideran xurdir coa persoas destinatarias das actividades.

Para garantir a calidade das actividades, a dirección técnica municipal establecerá un número mínimo e un número máximo de inscricións por grupo e actividade.

A empresa deberá efectuar:

- Un seguimento individual do alumnado: controlar a asistencia, non podendo impartir clase a ningunha persoa que non apareza rexistrado nelas.
- Supervisar o programa de actividades coa dirección técnica municipal cada 2 meses ou cando esta así o requira.
- Montar e desmontar, recoller o material empregado nas actividades e deixar as instalacións en perfecto estado de conservación. Naquelas onde sexa necesario o emprego de chaves por parte da empresa, será esta a responsable das mesmas, ao igual de deixar os locais pechados e en perfecto estado.
- Remitir os informes e demais documentación que reclame o concello.
- Realizar unha enquisa de satisfacción e de suxestións ao remate de cada actividade.

Ao finalizar cada actividade, entregárase ás persoas participantes unha enquisa de satisfacción e de suxestións, e os resultados serán informados debidamente ao concello.

- Presentar a memoria final dos servizos prestados (informe, fotografías, videos,...) ao longo do mes de xullo.

6.- HORARIO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O horario no que se debe prestar o servizo será sinalado polo concello.

7.- LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZOS

A modo orientativo establecece que o servizo será prestado nas instalacións deportivas municipais de Bertamiráns e o Milladoiro, así como nos locais sociais de Biduído, Agrón, Trasmonte, Ameixenda, Tapia, Aldea Nova, Augapesada e Covas.

Sen prexuízo do anterior, o concello resérvase a posibilidade de ampliar ou modificar os lugares de prestación do servizo, cando existan razóns de interese público que así o aconsellen.

8.- MODALIDADES DEPORTIVAS A IMPARTIR

O Concello de Ames decidirá as disciplinas a impartir en cada momento a través das Escolas Deportivas Municipais. Xuntase ao presente prego o programa deportivo mínimo, no que se relacionan as disciplinas deportivas que os licitadores haberán de estar en condicións de impartir, sen prexuízo das alteracións que poidan introducir o concello, en atención a razóns de interese público que así o aconsellen.

O Concello de Ames determinará igualmente o número máximo e mínimo de usuarios en cada escola, en función das características das mesmas.

9.- PROGRAMA DEPORTIVO MÍNIMO

O programa deportivo mínimo é o seguinte (as horas que se fixan como mínimo na tempada ordinaria, 125, son de cómputo semanal ao que se deberá engadir como mínimo na tempada de verán 100 horas nos meses de xullo e 100 horas no mes de agosto para o programa “Natación de Verán”

10.- PROGRAMA MÍNIMO DEPORTIVO

ACTIVIDADE	HORAS DE MONITORADO Á SEMANA
BALLET	4
JUDO	9
NATACIÓN	4
PREDEPORTE	22
TENIS	12
XIMNASIA RÍTMICA	8
AEROZUMBA	8
PILATES	32
SPINNING, ABDOMINAIS E GLÚTEOS	12
XIMNASIA DE MANEMENTO	14
TOTAL HORAS POR SEMANA	125

NATACIÓN DE VERÁN: MESES DE XULLO E AGOSTO		
XULLO	100 horas	2 monitores
AGOSTO	100 horas	2 monitores

11.- ANEXO DE PERSOAL

PERSONAL ADSCRITO AO SERVIZO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE AMES

TRABALLADOR	TIPO DE CONTRATO	XORNADA	ANTIGÜIDADE	CATEGORÍA	RETRIBUCION MENSUAL	PLUSRESPONS AB
Traballador nº1	300	7 H/SEMANA	06/05/2013	MONITOR	220,64	
Traballador nº2	300	3 H/SEMANA	06/05/2013	MONITOR	112,83	
Traballador nº3	300	5 H/SEMANA	07/10/2013	MONITOR	171,39	
Traballador nº4	300	8 H/SEMANA	06/05/2014	MONITOR	274,22	
Traballador nº5	300	2 H/SEMANA	11/10/2013	MONITOR	78,56	
Traballador nº6	300	7 H/SEMANA	06/05/2013	MONITOR	390,88	
Traballador nº7	300	6 H/SEMANA	06/10/2014	MONITOR	121,76	
Traballador nº8	300	3 H/SEMANA	08/01/2015	MONITOR	126,08	
Traballador nº9	300	4 H/SEMANA	01/02/2016	MONITOR	241,50	
Traballador nº10	300	4 H/SEMANA	29/04/2016	MONITOR	241,50	
Traballador nº11	300	2 H/SEMANA	07/10/2015	MONITOR	70,92	
Traballador nº12	300	4 H/SEMANA	05/10/2015	MONITOR	137,11	
Traballador nº13	300	4 H/SEMANA	19/02/2016	MONITOR	236,40	
Traballador nº14	300	4 H/SEMANA	09/11/2013	MONITOR	137,42	
Traballador nº15	300	10 H/SEMANA	27/10/2014	MONITOR	348,00	
Traballador nº16	300	20 H/SEMANA	07/10/2013	COORDINADOR1	1060,00	262,95
Traballador nº17	300	4 H/SEMANA	06/10/2014	MONITOR	137,11	
Traballador nº18	300	15 H/SEMANA	09/10/2013	COORDINADOR2	720,00	238,21
Traballador nº19	300	7 H/SEMANA	31/10/2014	MONITOR	252,16	
Traballador nº20	300	7 H/SEMANA	07/10/2013	MONITOR	212,76	
Traballador nº21	300	4 H/SEMANA	11/11/2015	MONITOR	141,84	
Traballador nº22	300	21 H/SEMANA	07/10/2013	MONITOR	719,83	
Traballador nº23	300	12 H/SEMANA	07/10/2013	MONITOR	460,40	
Traballador nº24	300	6 H/SEMANA	07/10/2013	MONITOR	313,20	

CONVENIO DE APLICACIÓN: INSTALACIONES DEPORTIVAS Y GIMNASIOS DE GALICIA

O RESTO DAS HORAS CÚBRESE CON PERSONAL AUTÓNOMO.

OBSERVACIÓN: DATOS FACILITADOS POLA EMPRESA QUE PRESTA O SERVIZO